



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA COMPLETAR AS AXUDAS AO PERSOAL INVESTIGADOR DO PROGRAMA COFUND DESTINADO NO CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN NANOMATERIAIS E BIOMEDICINA (CINBIO)

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades.

### DECLARA

Que esta Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Consellería) ten previsto formalizar coa Universidade de Vigo (UVIGO) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2029.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a UVIGO para completar as axudas destinadas ás persoas beneficiarias das estadías incluídas no programa MSCA-COFUND de formación do persoal investigador en réxime de contrato posdoutoral e os gastos asociados á súa contratación. Están destinadas a persoas investigadoras da UVIGO, interesadas en completar a súa formación cunha estadía no estranxeiro.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que de acordo co establecido no artigo 36 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nun interese público, xa que ao contribuír a sufragar gastos asociados ás actuacións das convocatorias de contratación derivada do programa NANO4TALENT, proposta COFUND do CINBIO, no que se prevé a contratación de 5 investigadores/as posdoutorais adscritos ao CINBIO e estase a potenciar unhas carreiras profesionais





independentes, reforzando a excelencia, o dinamismo e a creatividade da investigación, superando o problema estrutural que supón o desperdicio do talento investigador e o retraso da aparición da próxima xeración de persoal director de investigacións independentes.

Que no ámbito do Sistema universitario de Galicia (SUG) o persoal posdoutoral ao que se vincula a axuda é o único con subvencións do programa NANO4TALENT - COFUND no momento de sinatura deste contrato, con proxectos vinculados ao SUG, por iso non é necesario promover a concorrencia competitiva da subvención. Neste punto, téñase en conta que é un programa da Unión Europea e pasan un rigoroso proceso de avaliación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data situada na marxe

